



CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2017

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



REGULAMENTO PARTICULAR



PROBA: VIII AUTOCROSS DE CARBALLO
CIRCUITO MUNICIPAL DE CARBALLO
PROVINCIA A CORUÑA
DATA: 16/09/2017

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A escudería MAIS MOTOR organiza o VIII Autocross de Carballo que se desenrolará o día 16 de Setembro do ano 2017.

Esta proba de Autocross-Rallycross disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2017, o regulamento xeral do Campionato de Autocross, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 30-08-2017. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-039-AU.

Artigo 2.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

2.1. Clase I. Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada ata 1.600 c.c., de estricta serie (agás da anulación do catalizador) e do vaciado do interior do vehículo coa salvedade do mantemento do cadro de reloxo e salpicadeiro do vehículo de orixe, sen crabox, sen autolocante, lamias de 14 pulgadas (máximo) e pneumáticos ata medida de 165/70 R14, amortiguadores de serie (V.O.) do fabricante, e co motor de caixa de fabricante, e conforme co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross 2017. Instalación de asento tipo baquet (homologado), cinto tipo arnés (homologado), de barras de seguridade (homologadas), volante de competición (homologado), así como da instalación de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2017. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles calquera modificación ten que ser consultada, e autorizada ou rexeitada, por escrito á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Calquera cousa realizada no vehículo e non autorizada por escrito está prohibida.

2.2. Clase II. Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada de menos e de máis de 1.600 c.c. vehículos de tracción dianteira, sen límite de cilindrada, con crabox, con autolocante e co motor preparado, conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles.

2.3. Clase III. CARCROSS. Vehículos monoprazas de motor traseiro, construídos e concibidos para a práctica do Autocross, de 2 rodas motrices-traseiras, e propulsados por motores atmosféricos, de catro cilindros e catro tempos, cunha cilindrada máxima de 600 c.c.

2.4. Clase IV. Grupo P.

- Supercrosscar (provintes de turismos), e 4x4 (libres, e prototipos). Os Supercrosscar, e os 4X4 non provintes das series dos fabricantes, terán que ser homologados pola Federación Galega de Automobilismo, para Autocross ou Montaña, e terán que posuír un pasaporte técnico obrigatorio. Os vehículos deberanse presentar nas verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, e cumpri-los pesos mínimos, de 900 quilogramos os Supercrosscar, e de 1000 quilogramos tódolos 4x4, provintes de serie, e de prototipos.

- Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, de dúas (tracción traseira) ou catro rodas motrices, cunha cilindrada superior a 2.000 c.c., e inferior a 4.000 c.c., incluíndo os vehículos que dispoñan de sistema de sobrealimentación que estean conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross, e con autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo, previa solicitude razoada. De non cumprirse o mínimo de 6 vehículos/inscritos na clase, os vehículos de propulsión traseira de dúas rodas motrices pasarán directamente a participar na Clase II, puntuando e optando ós premios en metálico dos que sexan merecentes.

- Para vehículos con dous motores de moto, a cilindrada máxima será de 2.800 c.c. (Atmosféricos).

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-1, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concibidos para a práctica do Autocross con catro rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da

Unión Europea.

CARACTERÍSTICAS:

- a) A cilindrada máxima será, de 4.000 c.c., ben teña un ou dous motores de coche ou de moto.
 - b) Para vehículos equipados con dous motores de moto a súa cilindrada máxima total será de 4.000 c.c.
 - c) En vehículos sobrealimentados, a cilindrada nominal multiplicarase polo factor corrector 1.7.
 - Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-2, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concebidos para a práctica do Autocross con dúas rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea. Con motor de moto, de propulsión traseira e cilindrada máxima de 1.400 c.c. situado na parte posterior.
 - Tamén serán admitidos os vehículos da categoría E-3.
 - Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido non convertibles.
- 2.5.- Os Comisarios Deportivos poderán, en calquera momento, non autoriza-la saída dun vehículo nunha proba, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que o seu criterio non cumpran coas medidas de seguridade esixidas.
- 2.6.- Un mesmo vehículo non poderá inscribirse en dúas clases na mesma proba, nin ser utilizado por dous participantes.
- 2.7.- Ningunha categoría será constituída de non haber 6 vehículos inscritos, coa súa incrición e seguro abonado na proba na que pretendan participar a tódolos efectos.

Artigo 3.- DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

- 3.1.- Os dez mellores clasificados de cada clase otorgaráselle o número de dorsal segundo a súa clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross 2016.
- 3.2.- Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras e un terceiro irá no parabrisas segundo o artigo 11 do Regulamento Xeral de Autocross.
- 3.3.- Recomendase que as organizacións dispoñan dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos de Car Cross e Turismos.
- 3.4.- A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.
- 3.5.- Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número debendo cada piloto repoñer ditos números no caso de ter que sustituílo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintándoo igual ó que se lle entregou, se non, penalizaráselle coa exclusión dos Comisarios Deportivos da proba.

Artigo 4.- INSCRICIÓN.

- 4.1.- Establécense uns dereitos de **110€(coeficiente 8)**, aceptando a publicidade do organizador e dereitos dobres non aceptando a publicidade do organizador.
- 4.2.- Si nunha categoría só houberse unha inscrición de 4 participantes, cunha antelación de 3 días o organizador podera comunicar á Federación a anulación da devandita modalidade.
- 4.3.- O prazo de admisión de inscricións pecharase 3 días antes do inicio da proba, data na que se publicará a lista de inscritos.
- 4.4.- As inscricións realizaranse obrigatoriamente a través da páxina web da F.G.A., co nome, nº transponder, escudería, vehículo, categoría e número se ó ten asignado para á tempada, xunto co xustificante de pago.

ENLACE PARA A INSCRICIÓN: <https://goo.gl/forms/xQZt3FXTLex3bjoD3>

E-MAIL: escuderiamaismotor@gmail.com

- 4.5.- O Comité de Organización resérvase o dereito de refusa-la inscrición dun concursante ou dun piloto debéndose da-los motivos. (Artigo C.D.I.).

4.6- Será obrigatorio presentar nas verificacións administrativas, as licencias, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

4.7.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria LA CAIXA sucursal de AVDA. RIO ANLLONS DE CARBALLO número de IBAN ES61 0133 6235 5342 0000 1855.

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantido a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 5.- HORARIOS DA PROBA.

Data	Horario	Programa	Lugar
01/09/2017	14:00	Apertura de inscricións	Secretaría da proba
13/09/2017	19:00	Peche de inscricións	TEF. 618 631 153
	22:00	Publicación lista provisional inscritos	Web www.maismotor.es
14/09/2017	13:00	Presentación Oficial da proba	Concello de Carballo
	16:00	Publicación lista oficial inscritos	
16/09/2017	09:00 a 11:00	Verific. Administrativas Clase I, II, III e IV	Circuito Municipal de Carballo
	09:15 a 11:15	Verific. Tecnicas Clase I, II, III e IV	
	11:45	Publicación lista de autorizados a toma-la saída Clase I, II, III, IV	
	12:00	Saída adestramentos Car Cross	
	12:30	Saída adestramentos -1.600 c.c.	
	13:00	Saída adestramentos +1.600 c.c.	
	13:30	Saída adestramentos 4x4	
	15:30	Semifinais Car Cross	
	16:00	Semifinais -1.600 c.c.	
	16:30	Semifinais +1.600 c.c.	
	17:00	Semifinais 4x4	
	17:15	Final B Car Cross	
	17:35	Final B -1.600 c.c. (*)	
	18:00	Final B +1.600 c.c. (*)	
	18:20	Final Car Cross	
	18:40	Final -1.600 c.c.	
	19:00	Final +1.600 c.c.	
	19:20	Final 4x4	
	19:30	Publicación de resultados según concluan as finais	
	Deseguido	Rolda de prensa dos vencedores das catro categorías	
Deseguido	Entrega de premios e trofeos		

Nota: Levantamento vehículos parque pechados: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados**, sen ter que esperar ás entregas de premios.

(*) De non poder empeza-la Final B no horario establecido os Comisarios Deportivos poderán suspender-las Finais B, pasando a disputarse directamente a Final A. Será obrigatorio que a proba se faga sen pausas intermedias. Si se celebraran máis ou menos mangas semifinais ou finais B, que as programadas no cadro horario do regulamento particular, despois dos adestramentos. Os Comisarios Deportivos publicarán no taboleiro de anuncios o novo horario e o avisarán por megafonía.

Artigo 6.- ORGANIZACIÓN DAS PROBAS.

6.1.- VERIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS.

1- Tódolos equipos deberán presentarse ao completo co seu vehículo ás verificacións técnicas e/ou administrativas-entrega de documentación.

2- Establecerase un horario tipo segundo o regulamento particular da cada proba.

3- Será obrigatorio presentar nas verificacións, as licencias de piloto, asistencia, e de escudería, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

4- Todo competidor que se presente con atraso ás verificacións por causas de forza maior (así entendidas polos Comisarios Deportivos e sempre que o competidor ou o piloto puidese xustificar plenamente a existencia da devandita causa e que o atraso se haxa avisado antes do peche das verificacións), poderá ser verificado ata 30 minutos despois da súa hora asignada, segundo o horario previsto para a súa verificación. Neste caso será penalizado cunha multa de 100€, que será remitida integramente a Federación Galega de Automobilismo. Pasado devandito prazo non será autorizado a tómalas saída.

5- Non se admitirá a tomar a saída a aquel vehículo que non estea conforme con artigo 3 do presente Regulamento Deportivo, e co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

6- Todos os equipos deberán someterse ás verificacións técnicas requiridas durante a celebración da proba.

7- En tódalas probas do Campionato de Galicia realizaranse verificacións sobre a pesada dos vehículos, a proposta dos Comisarios Deportivos ou do Observador da Federación Galega de Automobilismo. No Regulamento Particular deberá especificarse o espazo para a localización da báscula. En todo caso esta localización poderá variarse por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos. A báscula oficial a utilizar será de propiedade da Federación Galega de Automobilismo. Pesos mínimos: Condicións de pesaxe: Sen conductor a bordo, depósito de combustible vacío. Co aceite motor e líquido de refrixeración a nivel, depósito do limpiaparabrisas vacío. Queda terminantemente prohibido lastrar os vehículos, con chumbo, ou con calquera outro elemento que poida mermala seguridade do piloto.

Clase I:

Ata 1400 c.c. 800 kg.

Ata 1600 c.c. 860 kg.

Clase II:

De 1400 c.c. ata 1600 c.c. 860 kg.

De 1600 c.c. ata 2000 c.c. 920 kg.

Máis de 2001 c.c. 980 kg.

Clase III: CARCROSS 310 kg.

Clase IV:

.- SCC:

Ata 1000 c.c. 480 kg.

Ata 1400 c.c. 600 kg.

.- SCC 4x4:

	1 motor	2 motores
--	----------------	------------------

Ata 1600 c.c.	580 kg.	780 kg.
---------------	---------	---------

Ata 2000 c.c.	700 kg.	900 kg.
---------------	---------	---------

Ata 3000 c.c. ou mais	750 kg.	950 kg.
-----------------------	---------	---------

.- TURISMOS:

Traseira: 1.100 kg.

4x4: 1.200 kg.

Vehículos sen homologación 1000 kg. (FIA, FGA, RFEA).

O peso mínimo será o establecido no regulamento aplicable segundo o grupo do vehículo (Anexo J).

8- A zona habilitada para realizarse a Verificacións Técnicas debe estar operativa desde o inicio da proba.

9- Como norma xeral, as infraccións de carácter técnico cometidas levarán consigo a anulación dos tempos conseguidos nos adestramentos, a exclusión da semifinal ou Final correspondente podendo chegar á exclusión da proba.

6.2.- CRONOMETRAXE.

- 1.- O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado a cabo exclusivamente polo equipo oficial da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.
- 2.- A toma de tempos iniciárase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.
- 3.- Calquera sistema de telemetría está prohibido.
 - 3.1.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o conductor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido.
 - 3.2.- Infórmase, que na tempada 2017, será obrigatorio o transponder, modelo TRANS X260 DP, nas modalidades de Autocross nos Campionatos de Galicia da especialidade; sendo o cronometraxe oficial, co programa "Circuit Pro", fixado con remaches ou parafusos por diante do eixo dianteiro do vehículo a unha altura máxima de 60 cm con respecto á pista e como máximo a 60 cm. do bordo dianteiro do vehículo sen ningún material metálico ou de fibra de carbono entre o transponder e a pista. **Advertenza: Todo piloto que tivera o transpondedor defectuoso, en adestramentos, en carreira, sen instalar, mal instalado, ou sen cargala batería, non saíra na clasificación (baixo a súa exclusiva responsabilidade), o Director da Proba terá que enseñarlle a sinal de problemas mecánicos e deberá abandonala manga.**
- 4.-As quendas de adestramentos cronometraranse, volta a volta, para cada participante, e o mellor dos tempos obtidos servirá para tomar posición na grella da semifinal. No caso de empate entre dous ou mais vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate, a segunda volta rápida, e así sucesivamente.
- 5.- Si un vehículo voltea na manga de adestramentos valeralle o tempo realizado na volta anterior, non podendo continuar para rebaixa-lo obtido.
- 6.-A carreira darase por finalizada unha vez cumpridas as voltas estipuladas no Regulamento Particular, dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non e necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou mais vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira, e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta ó orde de paso da última volta pola liña de meta, se isto ocorre na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na grella de saída.

6.3.- GRELLAS.

- 6.3.1.- As grellas de saída terán unha composición de 3-2- 3-2 a separación entre vehículos será de 6m. a 8m. entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.
- 6.3.2.- Os participantes estarán na pregrella de saída, trala saída de manga anterior, se non se personasen, trala toma da bandeira de manga anterior quedarán excluídos e o seu posto na grella non será ocupado.
- 6.3.3.- No caso de que algún piloto non se puidera presentar na grella de saída na Final B serán chamados os vehículos reserva sucesivos que se colocarán no derradeiro lugar da grella, non se deixaran espazos libres.
- 6.3.4.- No caso de avería estando colocado en grella de saída, no se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba e o seu posto quedará libre (agas cambiar unha roda co permiso do Director de Carreira).
- 6.3.5.- Nas finais, o conductor con dereito á "Pole-Position" poderá escoller lugar na primeira fila. O clasificado no segundo lugar poderá escoller unha das dúas prazas restantes. Isto será válido soamente para a primeira liña, o resto da grella colocárase coa pole no lado da primeira curva.
- 6.3.6.- As grellas formaranse, da seguinte forma:
 - Adestramentos: por clasificación no Campionato (1ª proba por clasificación ano

anterior), e as seguintes según a derradeira publicación do Campionato 2017.

- Semifinais: colocaranse polos tempos obtidos nos adestramentos na orde de menor a maior.
- Final: Se só houberse unha semifinal a final formaríase na mesma orde na que rematou a semifinal. Se houberse varias semifinais a composición da grella sería:

O primeiro sería o que rematase 1º da semifinal máis rápida, o segundo o 1º da segunda semifinal máis rápida, o terceiro sería o 1º da terceira semifinal máis rápida, se existise se non sería o 2º da semifinal máis rápida e así sucesivamente.

6.4.- SAÍDAS.

6.4.1.- Nos adestramentos darase a saída individualmente por medio dunha bandeira.


6.4.2.- Nas semifinais a luz roxa debe permanecer acesa entre 1 e 4 segundos antes de apagarse.

6.4.3.- No transcurso da proba actuarán XUÍCES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas e as penalizacións.

6.4.4.-As saídas anunciaranse 30 segundos antes cunha pancarta en cuio interior figure unha inscrición de 30 seg., indicativos do tempo aproximado que falta para toma-la saída. 5 segundos antes mostrárase outra pancarta coa inscrición 5 seg.

6.4.5.- A saída das Semifinais e Finais darase mediante semáforo. A saída será o instante no que se apague a luz roxa, despois de ensinar a pancarta de 5 seg.

6.4.6.- Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone a posición que lle estaba asignada, antes de apagarse a luz roxa. Neste caso o piloto infractor será advertido da súa acción mediante a presentación dunha pancarta cunha F e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha Semifinal ou Final non se parará a carreira e o piloto será penalizado con 1 minuto, o cal se sumará ós obtidos na clasificación. Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización poderá chegar ata a exclusión a criterio dos Comisarios Deportivos. O deseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:



(Poderase utilizar o anverso e o reverso da mesma para as dúas lecturas).

6.5.- BRIEFING. O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes dos adestramentos oficiais. O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de impartilas normas de conducción, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente, e con control de asinamento so pena de exclusión dos adestramentos.

6.6.- ADESTRAMENTOS.

6.6.1.- Cada serie de adestramentos terá un mínimo de 5 e un máximo de 10 vehículos na pista á vez. Clasificaránse para as Semifinais os 45 mellores tempos dos adestramentos.

6.6.2.- Os vehículos da clase I farán adestramentos entre sí, é dicir, separados da clase II.

6.6.3.- A serie parárase cando o primeiro vehículo permaneza 5 voltas sobre a pista e cruce a meta.

6.6.4.- Os Comisarios Deportivos poderán eximir da realización dos adestramentos oficiais a algún participante, se as causas xustificadas de forza maior lle impediron a realización dos mesmos, ocupando o último lugar na grella que se forme sempre e cando houberse sitio para él.

6.6.5.- Se nos adestramentos un coche voltea ou é axudado polo público ou por oficiais de pista, debidamente acreditados, considerase retirado a tódolos efectos.

6.6.6.- Non se pode parar na pista de adestramentos, se non existe avería. Si un vehículo rompesse antes de finaliza-la 1ª volta de adestramento, sairá de último na semifinal.

6.6.7.- Á vista dos tempos realizados na volta rápida dos adestramentos confeccionarase unha lista de cada clase, constituída na orde de menor a maior tempo realizado.

6.7.- SEMIFINAIS. As semifinais disputaranse a 5 voltas.

6.7.1.- Se hai 15 ou menos vehículos autorizados. Realizarase unha soa semifinal.

6.7.2.- Se hai de 16 a 30 vehículos autorizados. Realizaranse dúas semifinais.

6.7.3.- Se hai de 31 a 45 vehículos autorizados. Realizaranse tres semifinais.

6.7.4.- Final B: Disputarase a 6 voltas. Se non houbese un mínimo de 20 vehículos autorizados por clase non haberá Final B (**e mínimo de 6 na grella de saída**) para poder celebrala. De non disputar a Final B, os pilotos reservas deberán presentarse á grella da final, se faltase algún piloto (**o seu posto será ocupado**), o equipo que non se presente no seu lugar e tempo, pasara a ser último, contando os reservas. Completarase a grella con reservas ata 16 participantes.

6.8.- FINAL A. A final realizarase a un mínimo de 8 voltas e un máximo de 12 voltas (por causa de forza maior, por luminosidade, nese caso e por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos pódese facer as finais a 5 voltas). O número máximo de vehículos clasificados será de 16.

6.8.1.- Clasificados para a Final A:

-Se hai unha soa semifinal, clasificaranse tódolos vehículos.

-Se hai dúas semifinais, clasificaranse os 8 mellores postos de cada Semifinal.

- Se hai tres Semifinais, clasificaranse os 14 mellores postos de entre as tres Semifinais, e os dous mellores da Final B.

6.8.2.- Os vehículos deberán dar entón unha volta de desaceleración ata a entrada do Parque Pechado.

6.9.- REGADURA DA PISTA. O organizador deberá prever un sistema de regadura eficaz, antes de empeza-la proba, dispoñendo como mínimo de 20.000 litros de auga. O horario de regadura así como a súa cantidade queda a criterio e responsabilidade do Director de Carreira. Recoméndase efectuar un regadío previo o día anterior á proba.

6.10.- PARQUE PECHADO.

6.10.1.- A proba non termina ata entrar no parque pechado, e na volta de deceleración non se poderá sacar o casco, cintos, abri-la porta, nin montar ningún no vehículo obrigatoriamente ata estar dentro do parque. (No caso contrario quedaría descalificado). Os vehículos averiados irán o parque pechado, si os Comisarios Deportivos ou o Director da Proba o estiman oportuno.

6.10.2.- Ata despois da publicación oficial dos resultados definitivos, non se poderá sacar o vehículo do Parque Pechado, o levantamento do parque o deciden os Comisarios Deportivos, desde a publicación oficiosa habera 30m para atender as posibles reclamacións.

6.10.3.- Para retirar-lo vehículo do Parque Pechado, será obrigatorio que sexa conducido, ben polo piloto ou por un mecánico con licenza de Asistencia en vigor expedida pola F.G.A.

Artigo 7.- PROCEDEMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.

- Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repítese toda a carreira.

- Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60 % da carreira, darase unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta e sumaranse os tempos obtidas nas dúas partes.

- Se o primeiro participante completou o 60 % da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta.

Artigo 8.- OBRIGACIÓNS DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.

- 1.- Os vehículos deberanse mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar o vehículo no circuíto, so pena de exclusión da proba.
- 2.- Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, ó relación cos participantes, ou o Xefe de Boxes, de que non van tomar parte nunha manga, a sanción poderá chegar a exclusión da proba.
- 3.- Estará prohibido, baixo pena de exclusión, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación. Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa e ilo baixo a vixilancia dun oficial de proba.
- 4.- Cortar o paso intencionadamente, a outro participante, ou calquera manobra de conducción antideportiva será penalizado coa exclusión e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.
- 5.- No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo para sacalo dunha situación perigosa, coa condición de que este desprazamento se límite a evacuación do vehículo da pista, e se continua en carreira será descalificado.
- 6.- Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de exclusión.
- 7.- Os pilotos deberán mantelo cristal pechado durante a proba.
- 8.- Queda terminantemente prohibido circular dentro da zona de parque de traballo a unha velocidade excesiva a criterio do Xefe de Parque, así como realizar probas de vehículos en calquera zona do recinto do circuíto, a excepción que o organizador prevexa un espazo a tal fin, feito que deberá figurar no Regulamento Particular. As infraccións a este artigo serán penalizadas a exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.
- 9.- Cando un vehículo voltee (en adestramentos, ou nas mangas finais, os comisarios deberán volvelo a súa posición primitiva, e retiralo da pista).
- 10.- No caso de avaría, deberán os conductores sitúa-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo ou perigo para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo, será obrigatorio co piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrientes.
- 11.- Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de penalización o descalificación, e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.
- 12.- Toda acción de enchido de gasolina, ou aceite, no circuíto, estará prohibida baixo pena de exclusión.
- 13.- A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I.

BANDEIRA ROXA: Presentada inmóbil e polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obrigatoria en tódolos postos de control.

BANDEIRA NEGRA: Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo do número indicado deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo, so pena de exclusión.

BANDEIRA BRANCA E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES: Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conducta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado, so pena de exclusión.

BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA: Informa ó piloto do vehículo do número anotado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituír un perigo para o mesmo ou para os demais pilotos e que deberase parar no parque de traballo no próximo paso polo mesmo.

BANDEIRA AMARELA: Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adelantamentos desde que se mostre ata rebasa-lo obstáculo, so pena de exclusión.

BANDEIRA VERDE: Pista libre.

BANDEIRA AZUL: Debe deixar paso ó vehículo que lle sigue e intenta adiantalo. O significado destas bandeiras esta explicado máis amplamente no Anexo "H" do C.D.I.

Artigo 9.- PREMIOS. PARA ENTREGAR OS TROFEOS POR PROBA: A tenor dos resultados finais dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross concederanse os seguintes premios por proba: Trofeos según coeficiente ós clasificados da final da Clase I, Clase II, Clase III e Clase IV. A entrega de trofeos podese facer o finalizar de cada clase ó termo da proba. E obrigatorio entregar unha coroa ó gañador da clase I, clase II, clase III, e clase IV. A entrega de trofeos poderase facer ó finalizala final de cada clase ó termo da proba. Os vehículos será obrigatorio levalos antes da Entrega de Premios o Parque Pechado. Entregaranse os seguintes premios en metálico recomendados pola Comision de Autocross da F.G. de A. na final de cada evento.

1.- Si saen ata 6 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

Inscripción 110€
Coef. 8
240€ e Trofeo
200€ e Trofeo
130€ e Trofeo
90€
660 €

2.- Si saen ata 8 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

Inscripción 110€
Coef. 8
300€ e Trofeo
250€ e Trofeo
150€ e Trofeo
100€ e Trofeo
80€
880 €

3.- Si saen ata 10 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

Inscripción 110€
Coef. 8
350€ e Trofeo
250€ e Trofeo
150€ e Trofeo
110€ e Trofeo
90€ e Trofeo
80€
70€
1.100 €

4.- Si saen 12 ou máis pilotos (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

Inscripción 110€
Coef. 8
425€ e Trofeo
325€ e Trofeo
225€ e Trofeo
175€ e Trofeo
120€ e Trofeo
100€
90€
80€
1.540 €

9.1.- Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios.

Artigo 10.- CONCURSANTES ADMITIDOS. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2017 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 11.- ACTAS E INFORMES DA PROBA. As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións, finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos,

Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar no poder da F.G. de A., debidamente cumprimentadas, nun prazo non superior ós dous días; tamén deberán entregarse copias ó Observador da proba, ó finalizar á mesma.

Artigo 12.- OFICIAS DA PROBA.

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. JUAN JOSE PUGA FACAL CD1ª-1370-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. ANTONIO PEREZ CID CD1ª-005-GA.
D. JUAN NOGAREDA ROSTRO CD-1371-GA.
D. JUAN JOSE PUGA FACAL CD-1370-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. BENJAMIN CASTIÑEIRAS CASTRO OBS-0007-GA.

Director da Carreira:

D. MATEO VARELA FERNANDEZ DC1ª-0127-GA.

Director Adxunto:

D. ROBERTO POMBO FERNANDEZ DC1ª-1369-GA.

Comisarios de Verificacións Administrativas:

Presidente: D. DIEGO IGLESIAS MARTINEZ OD-1382-GA.
D. MONTSERRAT GARCIA RODRIGUEZ OD-1381-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. ALEJANDRO TORRES RODRIGUEZ OC-0930-GA.
D. JOSÉ RAMÓN PINAL PEREZ OC-1372-GA

Xefe de Boxes:

D. MANUEL REGUEIRO DÍAZ JDA-1373-GA.

Relacións cos Participantes:

D. ANGEL GARCIA RODRIGUEZ DC-1264-GA.

Cronometradores:

D. JOSÉ A. PENEDO MARNOTES OB-0444-GA.

Comisarios de Ruta:

Dª. VANESSA REY PALLAS OD-1383-GA.
D. HUGO ANTON BARBAZÁN OD-1377-GA.
Dª. YOLANDA FERNANDEZ OD-1375-GA.
D. RICARDO NOVAL GAREL OD-1374-GA.
D. JUAN CARLOS NIÓN CORTIZAS OD-1380-GA.
D. FRANCISCO REY HERRERA OD-1378-GA.
D. FRANCISCO REY PALLAS OD-1375-GA.
D. JAVIER SANJUAN MANIVESA OD-1376-GA.
D. DAVID LEMA BASTÓN OD-1384-GA.

Coordinador Servizos Médicos:

D. JOSE I. LLAMAS FDEZ. GA-025-VOL

Servizos Médicos:

R4: Médico: YUDEL J. CASAL RIVAS Colegiado Nº: 153203510 A Coruña
D.U.E.: PILAR LONGUEIRA VAZQUEZ Colegiado Nº: 9910
Piloto Técnico Rescatador: FCO. JAVIER VAZQUEZ A. DC-0440-GA

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. ROBERTO POMBO FERNANDEZ DC1ª-1369-GA.

Don Juan José Puga Facal, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número DC1ª-1370-GA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: DIRECTOR DA PROBA
N.I.F.: 45860961L
Licencia DC1ª-0127-GA

ENTIDADE: MAIS MOTOR
Fdo. PRESIDENTE. Juan José Puga Facal
C.I.F.: G70384425
Licencia CD1ª-1370-GA

CROQUIS/PLANO(SEN ESCALA) DO TRAZADO DO CIRCUÍTONXITUDE CIRCUÍTO.
LONXITUDE CIRCUÍTO: 980 mts.



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

- 1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2017 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autónoma Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.
- 2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.
- 3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2017, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:
 - A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.
 - B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.
 - C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.
- 4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2017, inclusive, serán considerados "OPEN".

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

- 1-Ratificáronse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañán do pasado 12 de Outubro de 2015.

2-Ratificanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro de 2015, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas.

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2017, sexan considerados "Open". Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.**

4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2017, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumpran o acordo de unificación do precio de licencias **estabécese en 190 euros.**

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2017, e será comunicado a todas as Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de "Licencia Autonómica Única", **a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente.**

9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola "Federación Galega de Automobilismo", en tutela dos seus intereses e dereitos.

10-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elixible, nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo"